




SI

As mulleres no sector TIC

Edición 2022



XUNTA
DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2023

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos

1. Introducción	Páx. 4
2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia	Páx. 6
2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC	Páx. 7
2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero	Páx. 11
2.3 O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero	Páx. 21
2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia	Páx. 28
3. Conclusións	Páx. 33





I. Introducción


I. Introducción

Obxectivos

- Presentación de datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.
- Identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas.
- Analizar o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

Fontes de Información

- Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas.
- Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.





2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia

2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC



No 2022, o número de mulleres no Hipersector TIC aumentou nun 5,5% respecto ao ano anterior, acadando un total de 8.983 traballadoras.

O 32,9% do persoal do Hipersector TIC é muller, o que sitúa a fenda de xénero nos 34,2 puntos porcentuais.

No marco do Hipersector TIC, o Sector Contidos é o que aglutina a maior presenza de mulleres co 42,4%, que sitúa a fenda de xénero deste grupo de actividades en 15,2 puntos porcentuais.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo


Ano 2022

Os datos relativos ao emprego no Hipersector TIC no ano 2022 amosan que a fenda de xénero queda en 34,2 puntos, sendo o 67,1% dos traballadores homes e o 32,9% mulleres.

A análise por subsectores indica que:

- No Sector TIC, as mulleres contan cunha menor representatividade (30,6%). Neste sector a fenda de xénero é de 38,8 puntos porcentuais.
- No Sector Contidos, as mulleres contan cunha representación do 42,4%, polo que se reduce a fenda de xénero a 15,2 puntos porcentuais.

	% Mulleres	Fenda de xénero
Sector TIC	30,6%	38,8 puntos
Sector Contidos	42,4%	15,2 puntos
Hipersector TIC	32,9%	34,2 puntos



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo

Evolución 2020-2022

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	30,4%	69,6%
Sector Contidos	41,2%	58,8%
Hipersector TIC	32,6%	67,4%

Ano 2021		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	30,6%	69,4%
Sector Contidos	41,5%	58,5%
Hipersector TIC	32,8%	67,2%

Ano 2022		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	30,6%	69,4%
Sector Contidos	42,4%	57,6%
Hipersector TIC	32,9%	67,1%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Do ano 2021 ao ano 2022, as afiliacións á Seguridade Social de traballadores/as do Hipersector TIC incrementáronse lixeiramente, nun 5,2% (1.341 persoas).

O emprego feminino no Hipersector TIC experimentou un crecemento do 5,5% respecto ao ano 2021. Este crecemento prodúcese sobre todo no sector contidos, que tivo un incremento dun 7,6% con respecto ao ano anterior.

Novamente, é o sector de Contidos o que ten unha maior contratación de mulleres, que supoñen o 42,4% do total do seu persoal.




Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por réxime

Evolución 2020-2022

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,3%	65,7%
Autónomas	23,8%	76,2%

Ano 2021		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,4%	65,6%
Autónomas	24,1%	75,9%

Ano 2022		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,4%	65,6%
Autónomas	24,5%	75,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No 2022, o incremento xeral no emprego do Hipersector TIC procede do aumento no volume de traballadores/as do Réxime Xeral, onde o crecemento relativo do emprego foi do 5,8% respecto ao anterior. O volume de traballadores/as do Réxime especial de autónomos tamén medrou neste último ano un 1,9%.

Crecen as mulleres traballadoras no sector. No réxime xeral crecen o 5,8% e no réxime especial o 3,4% respecto a 2021

2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero



As empresas dedicadas ás Actividades Informáticas, son as que empregaban o maior número de traballadoras no Sector TIC no ano 2022. Dentro das empresas desta área económica empregáronse no ano 2022 4.387 traballadoras.


Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC

Evolución 2015-2022

No 2022, as traballadoras do Sector TIC afiliadas á Seguridade Social eran 6.664, o que supón un crecemento do 4,8% respecto ao ano 2021.

No período 2015-2022, o emprego feminino no sector TIC aumentou en 1.479 (+28,5%). Non obstante, o peso da muller no sector TIC descende progresivamente en 2,5 puntos porcentuais neste período porque o ritmo de crecemento do emprego masculino é superior (+44,2%).

	Mulleres	Homes
Ano 2015	33,1%	66,9%
Ano 2016	32,9%	67,1%
Ano 2017	32,1%	67,9%
Ano 2018	31,6%	68,4%
Ano 2019	31,1%	68,9%
Ano 2020	30,4%	69,6%
Ano 2021	30,6%	69,4%
Ano 2022	30,6%	69,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por réxime

Evolución 2020-2022

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	31,9%	68,1%
Autónomas	22,0%	78,0%

2021		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,2%	67,8%
Autónomas	21,6%	78,4%

2022		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,0%	68,0%
Autónomas	21,5%	78,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A fenda de xénero no Réxime Xeral no sector TIC incrementábase respecto ao ano 2021 en 0,4 puntos porcentuais. No caso do Réxime Especial Autónomos, as mulleres só representan o 21,5%, o que supón o incremento da fenda de xénero respecto ao ano anterior en 0,2 puntos porcentuais.


Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por subsectores económicos. Ano 2022

En termos absolutos, o maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.387 traballadoras no ano 2022 (+9,2% respecto ao 2021).

Tendo en conta a representación porcentual, é no sector das Telecomunicacións onde se rexistra unha maior porcentaxe de mulleres, cun 38,7% traballadoras.

O sector con menor representación feminina é o sector de Manufactureiras TIC, con 131 postos, o que supón que unicamente o 18,9% están ocupados por mulleres.

	% Mulleres
1. Manufactureiras TIC	18,9%
2. Telecomunicacións	38,7%
3. Actividades informáticas	29,9%
4. Comerciais TIC	23,4%
5. Outros Servizos TIC	28,2%
Total sector TIC	30,6%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
Nota: algúns dos datos son estimacións

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR TIC

1. Manufactureiras TIC

2. Telecomunicacións

3. Actividades informáticas

4. Comerciais TIC

5. Outros servizos TIC




1. Manufactureiras TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2022

	% Mulleres
CNAE 261: Fabricación de compoñentes electrónicos:	10,9%
CNAE 262: Fabricación de ordenadores:	9,1%
CNAE 263: Fabricación de equipos de telecomunicacións:	20,0%
CNAE 264: Fabricación de electrónica de consumo:	33,3%
TOTAL MANUFACTUREIRAS TIC:	18,9%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.
Nota: algúns dos datos son estimacións

2. Telecomunicacións

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2022

	%Mulleres
CNAE 611: Telecomunicacións por cable:	41,8%
CNAE 612: Telecomunicacións se fíos:	33,9%
CNAE 613: Telecomuncacións por satélite:	20,6%
CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións:	28,1%
TOTAL TELECOMUNICACIÓNS:	38,8%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.


Nota: algúns dos datos son estimacións

3. Actividades Informáticas

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2022

	% Mulleres
CNAE 620: Actividades de programación o consultaría:	29,8%
CNAE 631: Procesos de datos:	33,8%
TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS:	29,9%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

4. Comerciais TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2022

	% Mulleres
TOTAL COMERCIAIS TIC	
CNAE 465: Comercio por xunto de ordenadores:	23,4%





Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

5. Outros Servizos TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2022

	% Mulleres
CNAE 582: Edición de videoxogos:	32,0%
CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos:	27,3%
TOTAL OUTROS SERVIZOS TIC:	28,2%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2.3. O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero



O 42,4% dos traballadores/as do sector contidos son mulleres.

As actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais son as que teñen unha maior presenza de mulleres.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos


Evolución 2015-2022

No ano 2022 obsérvase lixeiro incremento no número de mulleres contratadas no Sector Contidos, en consonancia coa tendencia xeral neste subsector.

Entre as mulleres, as afiliacións á seguridade social incrementáronse nun 7,6% dende 2021, o que sitúa a fenda de xénero nos 15,2 puntos porcentuais.

A evolución da presenza da muller no sector crece en case un punto neste último ano acadando o 42,4%.


	Mulleres	Homes
Ano 2015	41,5%	58,5%
Ano 2016	41,3%	58,7%
Ano 2017	41,7%	58,3%
Ano 2018	41,9%	58,1%
Ano 2019	41,5%	58,5%
Ano 2020	41,1%	58,9%
Ano 2021	41,5%	58,5%
Ano 2022	42,4%	57,6%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por réxime

Evolución 2020-2022




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No 2022, no Sector Contidos, as afiliadas á Seguridade Social a través do Réxime Xeral representan o 44,8% do persoal. En termos absolutos, descende a fenda de xénero no réxime xeral, pasando dunha diferenza entre homes e mulleres de 517 traballadores no ano 2021 a 461 no ano 2022.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por subsectores económicos. Ano 2022

Os dous subsectores económicos que conforman o Sector Contidos, superan o 40% de mulleres traballadoras, o que confirma a maior incorporación das mulleres ás actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais.




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2022

	% Mulleres
CNAE 581: Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais	43,8%
CNAE 591: Actividades cinematográficas, de vídeo e de programación de televisión	43,7%
CNAE 592: Actividades de gravación de son e edición musical	16,5%
TOTAL EDICIÓN DE LIBROS E ACTIVIDADES RELACIONADAS CON CINE, TV E SON	42,8%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Medios de Información

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2022

	% Mulleres
CNAE 601: Actividades de radiodifusión	39,8%
CNAE 602: Actividades de programación e emisión de televisión	40,5%
CNAE 639: Outros servizos de información	44,9%
TOTAL MEDIOS DE INFORMACIÓN	41,8%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia



O 62,4% das empresas TIC galegas contan con mulleres no seu persoal.


Só no 10,6% das empresas TIC as mulleres supoñen máis da metade do seu persoal.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia




O 62,4% das empresas TIC galegas contan con mulleres entre o seu persoal. Pola contra, se analizamos a porcentaxe de empresas nas que máis da metade do seu persoal son mulleres, o dato redúcese ata o 10,6%.

Empresas TIC que contan con mulleres no seu persoal



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

Empresas TIC nas que máis da metade do seu persoal son mulleres




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



A pesar de que en todas as funcións das empresas TIC os homes teñen presenza maioritaria, o persoal dedicado a tarefas especificamente TIC é o que rexistra unha fenda de xénero superior.

Distribución porcentual media do persoal das empresas TIC




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 21% das empresas TIC galegas contan con mulleres en postos de dirección, o 79% non.

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres en postos de dirección




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 28,9% do persoal son homes con Titulación Universitaria STEM, por só o 10,4% de mulleres. Pero a maior diferenza está nas titulacións de FP técnicas xa que os homes superan en máis de 20 puntos ás mulleres.



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia




3. Conclusiones

3. Conclusións



No 2022, 8.983 mulleres ocuparon postos de traballo en empresas do Hipersector TIC galego, o que representa o 32,9% dos empregos.

No Sector Contidos, as mulleres contan cunha maior representación, 42,4%, o que reduce a fenda de xénero a 15,2 puntos porcentuais.



O Sector TIC rexistrou 6.664 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o que supón o 30,6% dos traballadores/as do sector, no ano 2022.

O maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.387 traballadoras no ano 2022 (+9,2% respecto ao ano anterior).



No Sector Contidos o número de mulleres traballadoras acada no 2022 as 2.319, o que supón un incremento do 7,6% dende o ano 2021.

A evolución da presenza da muller no subsector contidos aumenta no último ano case un punto ata 42,4% tras permanecer moi estable arredor do 41,5% dende 2015.

A actividade onde as mulleres contan con maior presenza é "Edición de libros, e actividades relacionadas con cine, televisión e son" (42,8%).



O 28,9% dos homes e o 10,4% das mulleres que traballan no sector TIC en Galicia posúen algún tipo de Titulación Universitaria STEM, o que supón unha fenda de xénero de 18,5 puntos porcentuais, que supera os 20 puntos se falamos de FPs técnicos.

En canto aos roles nas empresas, a muller segue a estar infrarrepresentada nos postos de liderado, xa que só o 21% das empresas TIC galegas contan con algunha muller en postos de dirección.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA